

Noves Quintos

*Bras e - ianais
po-la tua cidade*



A NOSA BISBARRA

VERÁN 2008

Donativo 6€

Nº 18



OS BOTEIROS DE PIQUICO

V I A N A

CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDADE

San Pastora


Unha vez máis aproveito a oportunidade que me brinda "A Nosa Bisbarra", para escribir sobre a miña profesión: Pastora.

Os meus avós adicaron a súa vida á agricultura e gandeiría, transmitíndonos os seus coñecementos, e facendo posible a supervivencia dunha cultura e unha forma de vida ligada o territorio rural, ensinándonos técnicas totalmente ecolóxicas.

Hoxe estamos algo máis profesionalizados, a parte do que xa aprendemos dos nosos antergos, fixemos cursos de aptitude empresarial agraria, no que aprendimos todo o proceso de produción, dende a selección xenética, alimentación, cubricións, partos, contabilidade, sanidade, etc., nunha palabra o manexo dunha explotación, dende o nacemento ata o sacrificio, pasando pola millora na comercialización, vendendo directamente ó matadoiro e prescindindo de intermediarios, pero isto non quita que haxa épocas de crisis, aumentan moito os prezos dos produtos que mercamos, sobre todo o gasoil, mentras nós seguimos vendendo ó mesmo prezo, aínda que sexa ganado ecolóxico e coste máis produci-lo.

Hoxe, cando dices que eres "pastora" míranche coma si foses algo raro: moi pouca cousa. Para ser pastor, tamén hai que prepararse, eu creo que é unha profesión moi digna. O pastor cumpre as funcións propias dun empresario, ademais de diversificar a súa actividade gandeira coa agricultura. Desta maneira favorecemos o desarrollo rural contribuíndo o mantemento de poboación, a conservación dos ecosistemas e recuperando as razas autóctonas en grave perigo de desaparecer. No meu caso a ovella galega; unha das explotacións que máis exemplares ten en toda Galicia. Esta raza, foi a que sempre tivo a miña avoa e estaba perfectamente adaptada a orografía da nosa aldea (Quintela do Pando) criándose en condicións semiextensivas, saíndo tódolos días o pasto e a noiteña estabulándose. Desta maneira coidámolo monte cooperando na prevención de incendios, pois si o monte está pastado e máis difícil que arda.

Unha base moi importante para a nosa economía, é a agricultura; producimos tódolos alimentos necesarios para o alimento do noso gando, de maneira que sabemos en todo momento a calidade dos nosos produtos e así poder demostralo perante o consumidor. Aínda que produci-lo costanos bastante, xa



Visita de D. Elena Espinosa a miña explotación

non soio polos elevadísimos prezos dos carburantes, senón polos danos que nos fai o xabarín (porco bravo) ás veces superan as perdas o 50% das nosas cosechas, pero inda así hai que loitar pola supervivencia do noso oficio, ante unha sociedade sumamente avanzada, pero sen nós, os labregos, e gandeiros non poderían subsistir.

É moi importante, ter predios cercados onde poder deixar o rebaño no caso de ter unha viaxe ou surxa calquera imprevisto, pero o resto dos días hai que saír ó monte con elas, case sempre vou eu porque o meu home que tamén traballa na explotación case sempre ten que facer outras cousas como arar, sembrar, sacar o abono, estrumarlle ás ovellas, cortar leña ou restaurar algo nas instalacións: por iso me din "A Pastora"... Unha forma de vida preciosa, aparte de ser un oficio ancestral, podese combinar con moitísimas actividades: leer, pintar, escribir, mondar silvas, ou simplemente observar as paisaxes inigualables, que, penso, que é un privilexio que non todo o mundo se pode permitir. A min deume por tallar madeira con unha navalla, mentras estou coas ovellas. Empecei facéndolle xoguetes para os meus fillos e hoxe teño preto de 700 pezas; cada figura, é un segundo da miña vida, ten personalidade, estilo e alma, son preciosas rarezas que as fan únicas polo que nunca as poderei vender. Nembargantes, gústame que a xente as poida admirar, por eso, as teño expostas nunha casa moi enxebre pero que necesita algúns amaños, e que ata agora non tiven ningún tipo de axuda para o seu amaño, (e xa fixen varios intentos: no Lider, no Concello, etc.), espero que algún día alguén valore o meu traballo, e me vote unha man. "De esperanza tamén se vive".

O éxito, só se alcanza unha vez na vida, o resto é traballo, adicación e entrega. Agora seino. Un día, nadie pode decirche cando nin por qué, no canto de buscar atopas, e deixas de pensar, no que crías que che faltaba, porque andas moi ocupada namorándote do teu traballo.

¿Teño razón?

NIEVES FERNÁNDEZ



O meu pai, tamén era feliz co meu traballo

Eu, coido que si.